

SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS - CURSO 2009-2010

Rematado o prazo previsto por resolución desta Vicerreitoría do día 21 de agosto de 2009, para que as persoas admitidas no Servizo Universitario de Residencias (SUR), curso 2009-2010, fixeran o depósito da fianza e, no caso de interesarlles, solicitaran o cambio do centro inicialmente asignado, e para que as persoas que estaban en lista agarda confirmaran o seu desexo de seguir optando a unha praza no SUR,

Esta Vicerreitoría, tendo en conta que o incumprimento do trámite do abono da fianza conleva a renuncia á praza de aloxamento concedida, **resolve**:

1. Proceder ao primeiro movemento da lista de agarda. As persoas que nela figuran están admitidas no centro que se lles asigna.
2. Conceder aos interesados, en función da dispoñibilidade do sector ao que pertencen, o novo centro solicitado.
3. Elaborar unha nova lista de agarda.

De acordo co establecido nos puntos 11, 12 e 13 da Convocatoria:

a) As persoas admitidas dispoñen ata as 14 horas do día 11 de setembro, para entregar no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, Pavillón Estudiantil, 1ª planta, Campus Sur, Santiago de Compostela, ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **o xustificante de ter feito o ingreso de 150 euros en concepto de fianza** na conta da USC nº 2091 0388 98 3110001172 de Caixa Galicia–Caixa de Aforros de Galicia, Oficina de Organismos, rúa Montero Ríos, 9, 15706 – Santiago de Compostela.

O devandito xustificante de ingreso poderá tamén ser enviado por **fax ao número 981595117**, responsabilizándose a persoa que o envía de que sexa lexible no punto de destino, se non fora lexible quedará excluída.

O pago poderá facerse mediante os impresos normalizados dispoñibles no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado ou mediante transferencia bancaria en cuxo xustificante deberá figurar o nome do estudante e o Centro onde foi admitido.


Só a entrega deste xustificante servirá como confirmación da aceptación da praza por parte do solicitante, é polo tanto insuficiente o ingreso na entidade bancaria. No caso de non cumprir este trámite entenderase que renuncia á praza concedida, **non admitíndose ningún xustificantes de pago nin reclamación fóra do prazo establecido**.

b) Cambio de centro: Os novos admitidos interesados en pedir cambio de centro terán que solicitalo no momento da entrega do xustificante de ter feito o ingreso da fianza. Para isto cubrirán o impreso que para tal efecto terán dispoñible nos centros do SUR, no Servizo e na páxina web <http://www.usc.es/sur/>.

c) De ser necesario facer un segundo movemento da lista de agarda este realizarase o día 16 de setembro de 2009.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación. Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante este órgano, sen que neste caso se poida interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2009
**O VICERREITOR DE COMUNIDADE UNIVERSITARIA
E COMPROMISO SOCIAL**
(P.D., R.R. de 31 de julio de 2007)



José Manuel Mayán Santos